

# XORNADAS DE TEATRO CLÁSICO

## XXIV



Outro ano o alumnado de 4º de Latín, Cultura Clásica e Oratoría, e de 1º de bacharelato de Latín e Grego, acudimos á cita das XXIV Xornadas de Teatro Clásico, esta vez en Tui e para ver, nada máis e nada menos que a grande traxedia de Sófocles *Antígona*: a piadosa filla de Édipo que tomará unha funesta decisión na protección da súa familia e tan resolta como para rebelarse contra o poder tiránico do seu tío, un grito de liberdade contra a opresión.

Para iso chegamos ben cedo dispostas e dispostos a aproveitar o tempo, polo que percorremos o casco vello, adentrándonos na historia antiga da vila e despois de recobrar forzas cun pequeno refrixerio, dirixímonos ao teatro, onde estaba todo listo para a representación, que, salvando uns pequenos problemas de son no seu comezo, mantívonos en viño ata o final e cunha boa resposta por parte do noso alumnado. *Gratias vobis agimus καί εύχαριστοῦμεν πολύ !*

